

EMAO

O ÚLTIMO BARCO

DOMINGO VILLAR

06

Liña García Barbón - Urzáiz

En 1885, os trescentos membros da sociedade benéfica viguesa A Cooperativa acordaron crear unha escola en que se ensinasen diversos oficios artesanís e actividades industriais. Estaban convencidos de que a instrución axudaría ao desenvolvemento das industrias establecidas na cidade e que, ao tempo, daría aos traballadores a oportunidade de abrir os seus propios talleres, tomando ao cargo aprendices e converténdose eles mesmos en empresarios independentes que achegasen prosperidade á abatida economía local.

08


Liña Príncipe - Cánovas del Castillo -Beiramar

BERBÉS

OLLOS DE AUGA

DOMINGO VILLAR

Á esquerda, na parte oposta ao mar, bordearon o antigo porto do Berbés, onde se iniciara a actividade mariñeira da cidade a finais do século XIX. As súas arcadas graníticas, baixo as que se descargara a pesca noutros tempos, foran afastadas da orela polas continuadas ampliacións portuarias.



MAPALITERARIODEVIGO.COM

MAPA LITERARIO

ROTEIRO DOMINGO VILLAR



01

Liña Cabral - Lavadores - Bembrive

O CALVARIO

OLLOS DE AUGA

DOMINGO VILLAR

Subiron no coche pola rúa de Colón. Deixaron a estación do ferrocarril á esquerda e continuaron ascendendo en caravana cara ao ben chamado Calvario.

COIA


09

Liña Coia - Zamáns

A PRAIA DOS AFOGADOS

DOMINGO VILLAR

Mirou á fronte, á cidade de Vigo deitada sobre a ría coma unha mancha. Primeiro as casas baixas, a continuación os edificios altos do barrio de Coia e, máis aló, o resto da cidade desordenada nas ladeiras, coa silueta do hospital elevándose sobre as demais edificacións cerca do monte do Castro.



ALAMEDA

A PRAIA DOS AFOGADOS

DOMINGO VILLAR

08

Liña Príncipe - Cánovas del Castillo -Beiramar

Dobrou a esquina de Castelar, prendeu un cigarro para enganar a fame e atravesou a Alameda esquivando os nenos que corríaban vixiados de cerca polas súas nais. Dous turistas de pelo branco consultaban o plano da cidade baixo a estatua de Méndez Núñez. Caldas supuxo que provirían do transatlántico que viran na ría pola mañá.

MARCO

O ÚLTIMO BARCO

DOMINGO VILLAR

08

Liña Príncipe - Cánovas del Castillo -Beiramar

A diferenza dos que amosaban nos paneis espallados pola cidade, o edificio que desde 1880 albergara o cárcere e o palacio de xustiza sobrevivira a aquelas fatídicas décadas do século XX. Incluso sobrevivira a unha corporación municipal que máis tarde, no ano 1986, pretendera demolelo para levantar no seu lugar un parque con árbores e escaleiras.

AREAL

A PRAIA DOS AFOGADOS

DOMINGO VILLAR

O coche dos policías percorreu a rúa do Areal e deixou Vigo pola autoestrada. O inspector Caldas, cos ollos pechados, non viu as bateas aliñadas na ría cando a atravesaron pola ponte de Rande nin as illas Cíes que se intuían ao fondo, entre a brétema.

06

Liña García Barbón - Urzáiz

03 Liña Choróns - Praza E. Fadrique

URZÁIZ

A PRAIA DOS AFOGADOS

DOMINGO VILLAR

Caldas baixou camiñando desde o hospital pola rúa de México. Fronte á estación de ferrocarril colleu a rúa de Urzaiz, cruzou a Gran Vía, e continuou descendendo pola beirarrúa abarrotada ata o farol de forxa de Jenaro de la Fuente. Logo percorreu a rúa do Príncipe entre o cheiro das castañas asadas e as melodías dos músicos da rúa. Pouco antes da Porta do Sol, na esquina en que un músico andino tocaba unha frauta de pan, desviouse á esquerda pola pequena travesía da Aurora que conducía ao Elixio.

TORALLA

OLLOS DE AUGA

DOMINGO VILLAR

50 Liña Saiáns - Bouzas

Toralla era unha illa pequena. Unhas poucas mansións, praias e natureza en menos de vinte hectáreas fronte á zona residencial máis exclusiva da ría. Así e todo, o máis peculiar daquel pequeno paraíso era que, durante os anos de esplendor do feísmo urbanístico, se construíra nela unha torre de vinte plantas estragando a orixinaria harmonía que a illa conservara até entón.

PASEO ALFONSO XII

O ÚLTIMO BARCO

DOMINGO VILLAR

08

Liña Príncipe - Cánovas del Castillo -Beiramar

A rúa recibiuno con frío e os farois acendidos. O inspector baixou camiñando coas mans nos bolsos ata o paseo de Afonso XII e, á altura da estatua da ninfa e o dragón, apoiouse na varanda para contemplar o mar sobre o antigo barrio dos pescadores.

RÍA DE VIGO

OLLOS DE AUGA

DOMINGO VILLAR

O sol do mediodía desfecía rapidamente a néboa ameazando con outra quente xornada de primavera. Na ría, entre a brétema, entrevíanse as bateas aliñadas coma unha escuadra de barcos pantasma.

10

Liña Rande - Illas Cíes

05 Liña Saiáns - Bouzas

O VAO

O ÚLTIMO BARCO

DOMINGO VILLAR

Logo chamou unha vidente ofrecendo os seus servizos á familia e varios oíntes convencidos de que viran a muller en escenarios diversos: no cinema, nun centro de estética facendo os pés, nun supermercado enchendo de víveres un carro inmenso, cun can na praia do Vao, nun veleiro que partira do porto uns días antes, nun coche nunha gasoleira camiño de Madrid...

10

Liña Rande - Illas Cíes

ILLAS CÍES

OLLOS DE AUGA

DOMINGO VILLAR

A perspectiva que se admiraba era abraiante: as illas Cíes dominaban a fronte, á esquerda estendíase a costa dunha beira da ría, e á dereita a da outra, a península do Morrazo, que entraba no mar coma unha gárgola pétrea.

04

Liña Travesía - Teis

A GUÍA

O ÚLTIMO BARCO

DOMINGO VILLAR

Na cabina cheiraba a espazo pechado, a gasóleo e a humidade. As ondas resoaban ao golpearen no casco e Caldas tratou de distraerse mirando a través do cristal. Viu a silueta escura do Monte da Guía e, detrás, un dos alicerces que sostiñan a ponte de Rande, pero cando se internaron na ría e o movemento se fixo máis intenso, a incomodidade do inspector incrementouse e foi incapaz de concentrarse na paixase.

08

Liña Príncipe - Cánovas del Castillo -Beiramar

BEIRAMAR

A PRAIA DOS AFOGADOS

DOMINGO VILLAR

Percorreron a avenida de Beiramar e continuaron bordeando a liña da costa ata Bouzas. Non había luces nos estaleiros, nin rastro do alustro dos soldados que pola semana iluminaban a amazón dos barcos a medio construír. Só o neon dunha discoteca resplandecía, alumeando os mozos que se apertaban na porta, dispostos a zugarlle á noite as últimas horas de diversión.

02

Liña Casco Vello

SEREO

O ÚLTIMO BARCO

DOMINGO VILLAR

As campás da concatedral daban as dez cando Caldas saíu da comisaría. Atravesou a Alameda encollido no abrigo e subiu ata a Porta do Sol. Levantou a vista cara á escultura do home peixe, cuxas escamas metálicas parecían reflectir todas as luces da cidade, e tomou a calella que conducía ao Elixio.

A PEDRA

A PRAIA DOS AFOGADOS

DOMINGO VILLAR

02

Liña Casco Vello

O inspector seguía facendo conxecturas cando na rúa Cánovas del Castillo se cruzou con dúcias de turistas acabados de desembarcar no peirao de transatlánticos. Uns acudían aos postos das ostreiras no mercado da Pedra, outros ás tendas do novo centro comercial, levantado coma un parche escuro no ollo da cidade que miraba ao mar.

05

Liña Saiáns - Bouzas

SAMIL

OLLOS DE AUGA

DOMINGO VILLAR

Tras varias xornadas de chuvia, a tardiña agradábel enchera de xente a praia de Samil, e polo paseo de pedra cruzábanse de volta cans, bicicletas e chándales. Enriba do mar, o ceo estaba a arrubiarse agoirando o solpor.

O CASTRO

OLLOS DE AUGA

DOMINGO VILLAR

07

Liña Venezuela - Camelias - Gran Vía

A panorámica que o Castro amosaba da cidade e da súa ría era visita obrigada para os turistas, aos que os guías contaban lendas de combates navais e tesouros afundidos. No século I a.C., as tribos celtas establecéranse naquel monte aproveitando a capacidade defensiva que lle confería o fragoso desnivel.

A CONSTITUCIÓN

A PRAIA DOS AFOGADOS

DOMINGO VILLAR

02

Liña Casco Vello

Despois do café saíu e camiñou pola rúa da Palma xunto á concatedral. Por unha canella lateral viu os camareiros dos bares da Praza da Constitución montando as mesas das terrazas. Coma un animal que estiraba os ósos tras un sono prolongado, a cidade desentumeciase baixo o sol.

